

## CAMPAÑA DE NATACIÓN ESCOLAR

### Información ás familias

A actividade de natación lévase a cabo por niveis de tal xeito que, faise unha avaliación inicial do alumnado e ábrese unha ficha individual co fin de recoller a evolución de cada neno ou nena ó longo do curso. As clases de natación teñen unha duración de 45 minutos reais e dáselles 10 minutos para cambiarse antes e despois da actividade co fin de que o tempo de ocupación da clase, vestiario e transporte non sexa excesivo para os escolares.

Por todo iso, facemos as seguintes recomendacións:

- 1) Que o neno ou nena utilice ropa axeitada, cómoda que lle facilite a tarefa de vestirse e espirse. É convinte que o seu vestiario e obxectos persoais (toalla, gorro...) estean marcados co seu nome, apelidos e colexio para evitar posibles perdas.
- 2) O equipamiento básico de natación será o seguinte: chancletas, gorro e toalla. É convinte usar albornoz e gafas de baño, no caso de que os nenos ou nenas poidan ser sensibles a los productos propios da auga da piscina. De calqueira maneira, as gafas non se usarán ó comenzo da campaña para unha maior adaptación ó medio acuático.
- 3) Aconséllase que non traian obxectos persoais como reloxo, cadeas, aneis, etc.
- 4) Sería convinte que leven unha bolsa accesoria co fin de separar as prendas secas da roupa mollada.
- 5) Os nenos e nenas dúchanse antes de entrar na piscina para a inmersión e despois para eliminar o cloro.
- 6) O transporte deberase realizar no autobús facilitado ó efecto que levará unha persoa adulta coa función de acompañante. Nos casos especiais, autorizarase a entrega e recollida dos escolares na propia piscina, sempre que se asuma por parte da familia dita responsabilidade. Para iso, debe notificarse cubrindo un impreso que se lle facilitará no centro onde estea matriculado o neno ou nena.

Por último, comunicámosvos os teléfonos das piscinas para calquera aclaración:

- Piscina de Riazor: 981 18 98 00
- Piscina de San Amaro: 981 20 22 51
- Piscina de San Diego: 981 13 92 55